

Santiago-Lugo, 11 de setembro de 2013

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Presentación do estudo sobre a efectividade do tratamento termal en pacientes con fibromialxia
Organiza	<ul style="list-style-type: none">• Balneario de Lugo• Universidade da Coruña
Lugar	Balneario de Lugo (Termas Romanas) Barrio da Ponte, s/n. Lugo

Data MAÑÁ XOVES, 12 de setembro (ás 19:00 h)

O Balneario de Lugo acolle mañá xoves a presentación dun estudo sobre a efectividade do tratamento termal en pacientes con fibromialxia

Na actualidade esta doenza carece de cura definitiva

(Vía Láctea Comunicación).- O Balneario de Lugo (Termas Romanas) acolle mañá xoves, ás 19:00 horas, a presentación dos resultados dun estudo sobre a efectividade do tratamento termal en pacientes con fibromialxia, unha doenza que carece de cura definitiva. A responsable desta investigación é **Sofía López Linares**, médico de Atención Primaria da Área Sanitaria de Lugo, cuxa tese de doutoramento dirixe o departamento de Medicina da Universidade da Coruña.

O ensaio clínico realizouse con pacientes fibromiáxicos no Balneario de Lugo. Os resultados daraos a coñecer a súa autora, xunto con **Macamen López**, tamén médico de Atención Primaria de Lugo e membro do departamento de Medicina da Universidade da Coruña.

Pola súa parte, a doutora **Encarnación Amigo**, especialista en reumatoloxía da Área Sanitaria de Lugo, abordará as características e o tratamento da enfermidade. E **Rosa Meijide**, catedrática de Hidroloxía Médica da UDC, centrarase na evidencia científica do tratamento termal na fibromialxia. Moderará as intervencións a directora médico do Balneario de Lugo, **Acensión Sánchez**.

Unha vez rematada a presentación, os asistentes terán a oportunidade de facer un percorrido polas instalacións do Balneario de Lugo.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia / www.balneariosdegalicia.com

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es